

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**13881** *Real decreto 1072/2010, do 20 de agosto, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, Sociedade Anónima, e das súas filiais.*

A «Empresa de Transformación Agraria, Sociedade Anónima» (TRAGSA) foi creada por un decreto do Consello de Ministros do 21 de xaneiro de 1977 e configurouse desde o principio como un medio instrumental ao servizo da Administración.

A Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, regulou no seu artigo 88 o réxime xurídico da «Empresa de Transformación Agraria, Sociedade Anónima» (TRAGSA), con pleno respecto do principio de autonomía das comunidades autónomas, confirmando a natureza instrumental de TRAGSA para que, por si mesma ou mediante as súas filiais, realizase as súas actuacións na súa condición de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado e das administracións das comunidades autónomas que así o dispuxesen, perfeccionando as relacións con estas ao establecer a posibilidade do acceso das propias comunidades autónomas ao capital social.

En desenvolvemento da Lei 66/1997, ditouse o Real decreto 371/1999, do 5 de marzo, co fin de asegurar a realización dos servizos esenciais en materia de desenvolvemento rural e de conservación do ambiente que TRAGSA ten encomendados e, especialmente, para dar continuidade ao seu decisivo papel instrumental nas actuacións urxentes ou de emerxencia, con motivo de catástrofes ou calamidades de calquera natureza, fundamentado na potencia e capacidade de mobilización dos seus medios operativos, na súa experiencia e solvencia técnica e na súa implantación no territorio.

Na actualidade o réxime xurídico de TRAGSA e das súas filiais está regulado na disposición adicional 30.<sup>a</sup> da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, que perfeccionou o réxime de TRAGSA incorporando nunha norma con rango de lei os elementos derivados da xurisprudencia comunitaria relativa á utilización dos medios instrumentais. Esta disposición remítese ao desenvolvemento regulamentario para regular con detalle algún dos aspectos recollidos na propia lei, como é o caso do relativo ao réxime de elaboración e aprobación das tarifas de TRAGSA ou á súa capacidade de financiamento.

Así mesmo, a Resolución do 29 de abril de 2009, aprobada pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas en relación co informe de fiscalización dos ingresos e resultados obtidos pola «Empresa de Transformación Agraria, S.A.», nos exercicios 2001 e 2002 (BOE do 29 de xuño de 2009), instou a desenvolver determinados aspectos do réxime xurídico de TRAGSA.

Xunto a isto, o tempo transcorrido desde a aprobación do Real decreto 371/1999, do 5 de marzo, e a necesidade de adaptar as súas disposicións á nova lei aconsellaban proceder á elaboración deste real decreto.

Na tramitación do real decreto consultáronse todas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, e recolléronse as súas observacións no substancial.

Na súa virtude, por proposta conxunta das ministras de Economía e Facenda, e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de agosto de 2010,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é desenvolver o réxime xurídico, económico e administrativo da «Empresa de Transformación Agraria, Sociedade Anónima» (TRAGSA) e das súas filiais cuxo capital sexa integramente da titularidade desta, nas súas relacións coas administracións públicas e os seus poderes adxudicadores, no ámbito da acción administrativa dentro ou fóra do territorio nacional, na súa condición de medio propio instrumental e servizo técnico. O resto das actuacións empresariais de TRAGSA e as súas filiais rexeranse polas normas de xeral aplicación ás sociedades mercantís, sen prexuízo da súa consideración de poder adxudicador para os efectos do previsto na Lei de contratos do sector público.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

1. TRAGSA e as súas filiais son medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e dos poderes adxudicadores dependentes daquela e destas.

As entidades sinaladas no número anterior poderán encomendar a TRAGSA ou ás súas filiais os traballos e actividades que, encontrándose dentro do marco funcional dos números 1, 4 e 5 da disposición adicional trixésima da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e do seu obxecto social, precisen para o exercicio das súas competencias e funcións, así como os que resulten complementarios ou accesorios, de acordo co réxime establecido neste real decreto.

Para os efectos previstos nos parágrafos anteriores, as cidades de Ceuta e de Melilla asimiláranse ás comunidades autónomas.

O réxime previsto neste número será de aplicación aos cabidos e consellos insulares e ás deputacións forais do País Vasco, na súa condición de institucións integrantes das súas respectivas comunidades autónomas.

2. TRAGSA e as súas filiais están obrigadas a realizar os traballos e actividades que lles sexan encomendados polas entidades a que se refire o número anterior.

3. As actuacións urxentes ou as de emerxencia que se declaren con motivo de catástrofes ou calamidades de calquera natureza que lles sexan encomendadas pola autoridade competente serán executadas por TRAGSA e as súas filiais, con carácter obrigatorio e prioritario.

Nas situacións de emerxencia, en que as administracións públicas deban actuar de maneira inmediata, poderán dispor directamente de TRAGSA e das súas filiais e ordenarlles as actuacións necesarias para conseguir a protección máis eficaz das persoas, os bens e o mantemento dos servizos, sen suxeición ao réxime administrativo ordinario de actuación previsto no artigo 4 deste real decreto.

Para tal fin, integranse nos dispositivos existentes de prevención de riscos, incorporándose aos seus plans de actuación e asumindo os protocolos de aplicación.

Nestas situacións mobilizarán todos os medios ao seu alcance que se requiran.

4. TRAGSA e as súas filiais, en virtude da súa condición de medios propios instrumentais, poderán ser proporcionadas pola Administración xeral do Estado ou as comunidades autónomas nas súas relacións de cooperación con outras administracións ou suxeitos xurídico-públicos.

Esta relación de cooperación instrumentarase a través dun convenio de colaboración entre as administracións ou suxeitos xurídico-públicos interesados, que especificará o interese público común que xustifique a subscrición do convenio, as actuacións que se van desenvolver e a achega de cada unha das partes.

O Estado ou a comunidade autónoma comunicarán a TRAGSA e ás súas filiais a subscrición destes convenios e encomendaránlles as actuacións necesarias para a execución do disposto neles.

5. Sen prexuízo do disposto neste artigo, e das competencias especificamente atribuídas a outros órganos da Administración xeral do Estado e ás súas entidades

dependentes, as funcións tutelares con respecto a TRAGSA e as súas filiais serán exercidas polo Ministerio de Medio Ambiente, e de Medio Rural e Mariño.

6. As relacións de TRAGSA e as súas filiais coa Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e cos poderes adjudicadores dependentes delas na súa condición de medio propio e servizo técnico teñen natureza instrumental e non contractual, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado, conforme o disposto no número 2 da disposición adicional trixésima da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

### Artigo 3. *Réxime económico.*

1. TRAGSA e as súas filiais percibirán pola realización das obras, traballos, asistencias técnicas, consultorías, subministracións e prestación de servizos que se lles encomenden, de acordo co previsto no artigo 2 deste real decreto, o importe dos custos en que incorreren, mediante a aplicación do sistema de tarifas regulado neste artigo. Este mesmo sistema de tarifas tamén será aplicable para orzar as ditas actuacións.

2. As tarifas calcularanse e aplicaranse por unidades de execución e de maneira que representen os custos reais totais, tanto directos como indirectos.

3. Para determinar o orzamento de execución das actuacións encomendadas a TRAGSA ou ás súas filiais calcularase o custo correspondente á súa realización material aplicando as tarifas respectivas, ao que se engadirán as taxas e os impostos que a sociedade estiver obrigada a satisfacer por esa actuación.

4. Cando determinadas unidades non teñan aprobada unha tarifa, o seu custo poderase valorar a partir do correspondente ao dos elementos que integren outras unidades con tarifa aprobada e que tamén formen parte da unidade de que se trate. No suposto de que tampouco se puidese aplicar o procedemento descrito anteriormente, o seu custo será o que figure no orzamento aprobado pola Administración, e os custos así determinados serán válidos soamente para a actuación concreta a que se refira a encarga.

5. A aplicación do sistema de tarifas previsto nos números anteriores servirá de xustificante do importe dos custos reais totais da actuación de que se trate, sen que sexa necesario presentar ningún outro.

6. Os traballos de elaboración de novas tarifas, de modificación das existentes e de determinación dos procedementos, mecanismos ou fórmulas que, segundo a natureza dos traballos, se deban aplicar para a súa revisión, así como a súa aprobación, levaraos a cabo unha comisión adscrita ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e integrada por representantes do Estado e das comunidades autónomas, que recibirá a denominación de Comisión para a Determinación de Tarifas de TRAGSA.

A Comisión a que se refire o parágrafo anterior estará constituída polo subsecretario do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, un representante da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), o presidente do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), o director xeral de Patrimonio do Estado, un representante da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, dous directores xerais do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e un representante de cada unha das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla. Os representantes serán designados por cada un dos órganos e entidades representados de conformidade coa súa propia normativa.

O subsecretario do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño desempeñará o cargo de presidente. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario con categoría de subdirector xeral designado polo presidente da Comisión. A Comisión designará un vicepresidente de entre os seus membros.

A Comisión establecerá o seu réxime interno de funcionamento e poderá crear subcomisións para a análise e preparación do réxime tarifario.

O funcionamento da Comisión non suporá ningún incremento do gasto público e será atendida cos medios materiais e de persoal xa existentes en cada unha das administracións participantes.

A Comisión regulada neste número rexerese, en todo o non previsto nel, polo disposto para os órganos Colexiados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. A aprobación de novas tarifas ou a modificación das existentes requirirá, en primeira votación, o voto favorable da maioría dos membros da Comisión que representen a maioría do capital social da «Empresa de Transformación Agraria, S.A.» (TRAGSA). En defecto de acordo, realizarase unha segunda votación dentro dos dez días naturais seguintes, e neste suposto bastará para a aprobación ou modificación das tarifas o voto favorable dos membros da Comisión que representen as dúas terceiras partes do capital social da empresa.

8. A resolución pola que se aproben as tarifas publicarase no «Boletín Oficial del Estado» o Ministerio de Economía e Facenda, por proposta do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

9. As novas tarifas e as que se modificasen aplicaranse ás novas encomendas que formule a Administración a partir da súa aprobación ou da data que nela se acorde, pero non ás anualidades sucesivas das actuacións en curso.

As tarifas establecerán o seu período de validez e o sistema de actualización durante o período da súa vixencia. En defecto de aprobación das novas tarifas ou da modificación das existentes, o réxime tarifario vixente entenderase prorrogado, coa aplicación dunha actualización do 80 por cento do IPC xeral do exercicio anterior, ata que adopte o correspondente acordo a Comisión.

10. A Comisión determinará o réxime económico aplicable ás actuacións de TRAGSA e as súas filiais realizadas no exterior, en consideración ás circunstancias concorrentes neste tipo de encargos.

11. Cando as administracións públicas encarguen a TRAGSA ou ás súas filiais a construción ou a explotación de infraestruturas agrarias, ambientais e de equipamentos de núcleos rurais, poderán encomendar a participación das citadas sociedades no financiamento destas actuacións, nos termos especificamente previstos para este fin nos respectivos orzamentos anuais de TRAGSA e as súas filiais. O saldo vivo da débeda total das cantidades financiadas, sen incluír os xuros, non poderá superar, en ningún caso, o importe do patrimonio neto consolidado do grupo TRAGSA, circunstancia que se deberá acreditar en cada operación de financiamento.

Nestes casos, na encomenda de xestión deberase determinar o importe que se vai financiar, o prazo de amortización e a cantidade anual que satisfará a Administración, que comprenderá a parte do principal que se vai amortizar e os xuros calculados aos tipos que apliquen as entidades financeiras a TRAGSA e as súas filiais.

Á encomenda xuntarase unha memoria económica en que se detallarán os termos do financiamento e as circunstancias consideradas para a súa determinación.

#### Artigo 4. *Réxime administrativo de actuación.*

1. As actuacións obrigatorias que lles sexan encomendadas a TRAGSA ou ás súas filiais estarán definidas, segundo os casos, en proxectos, memorias ou outros documentos técnicos e valoradas no seu correspondente orzamento, conforme o sistema de tarifas a que se refire o artigo precedente.

2. Antes de formular a encomenda, os órganos competentes aprobarán os citados documentos e realizarán os preceptivos trámites técnicos, xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto.

3. A encomenda de cada actuación obrigatoria comunicarllela formalmente a Administración a TRAGSA ou ás súas filiais, e fará constar, ademais dos antecedentes que procedan, a súa denominación, o prazo de realización, o seu importe, a partida orzamentaria correspondente e, se é o caso, as anualidades en que se financie coas súas respectivas contías, así como o director designado para a actuación que se vai realizar. Tamén lle será facilitado o documento asinado polo órgano competente en que se defina a dita actuación, co seu orzamento detallado.

4. A comunicación en que se encomende unha actuación a TRAGSA ou ás súas filiais suporá a orde para iniciala.

5. TRAGSA e as súas filiais realizarán as súas actuacións conforme o documento de definición que o órgano encomendante lles facilite e seguindo as indicacións do director designado para cada actuación.

6. Mensualmente ou, se é o caso, coa periodicidade establecida na encomenda, o director da actuación expedirá a certificación ou o documento acreditativo que corresponda do avance dos traballos, con expresión das unidades realizadas desde o seu comezo e a súa correspondente valoración, de acordo coas tarifas aplicables. O importe dos traballos realizados en cada período, unha vez que se aprobe a súa valoración, aboaráo a entidade encomendante a TRAGSA ou ás súas filiais no prazo dos trinta días seguintes á data da aprobación da certificación ou documento que acredite a realización total ou parcial da actuación de que se trate, sen prexuízo do disposto na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

7. Finalizada a actuación realizarase o seu recoñecemento e comprobación nos termos legalmente establecidos, expedirase o documento correspondente e procederase á súa liquidación no prazo dos tres meses seguintes.

8. Nas encomendas de xestión cuxo obxecto sexa a execución de obras liquidaranse a TRAGSA os excesos de obra executada, sen necesidade de que se tramitase unha modificación da encomenda, cando as variacións consistan no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do importe inicial da encomenda, imposto sobre o valor engadido excluído. En caso de que se producisen estas variacións, recolleranse e aboaranse na certificación final, con cargo a unha retención adicional de crédito do 10 por cento do importe da encomenda que se efectuará no momento en que esta se realice. Esta retención aplicarase ao exercicio en que finalice o prazo fixado na encomenda para a terminación da obra ou ao seguinte, segundo o momento en que se prevexa realizar o pagamento da certificación final.

9. TRAGSA e as súas filiais poderán percibir aboamentos á conta polas operacións preparatorias realizadas para a execución das encomendas de xestión, conforme o réxime e os límites que se determinen na encomenda, e deberán asegurar os referidos pagamentos mediante a prestación de garantía.

10. Para a realización de actuacións de apoio e servizo institucional á cooperación española no ámbito internacional, a Administración poderá autorizar a TRAGSA ou ás súas filiais a colaboración con organismos internacionais de desenvolvemento, de acordo cos mecanismos de actuación exixidos por estes.

11. En todo o non previsto neste artigo e non regulado expresamente nas encomendas de xestión, aplicarase, analoxicamente, o disposto na normativa de contratación pública para resolver as dúbidas e lagoas que xurdan con relación ás incidencias de carácter técnico que se produzan na execución das encomendas realizadas a TRAGSA e ás súas filiais. En ningún caso serán de aplicación os aspectos que, pola súa propia natureza, sexan incompatibles co carácter instrumental da relación.

#### Artigo 5. *Colaboración con particulares.*

1. TRAGSA e as súas filiais poderán requirir nas súas actuacións obrigatorias a colaboración de empresarios particulares nos termos da LCSP sen que o importe da dita colaboración poida ser igual ou superior ao 50 por cento do importe total do proxecto, subministración ou servizo encomendado.

2. En ningún caso se considerarán colaboradores nas súas relacións recíprocas TRAGSA e as súas sociedades filiais ou participadas.

#### Artigo 6. *Decisións relevantes.*

A Xunta Xeral coñecerá dos obxectivos e decisións máis relevantes que afecten a sociedade, de acordo coa lexislación aplicable ás empresas públicas.

Disposición transitoria primeira. *Prazo de implantación do réxime de tarifas.*

No prazo máximo de nove meses, a partir da entrada en vigor deste real decreto, aprobaranse unhas novas tarifas para as sociedades do grupo TRAGSA, conforme o previsto no artigo 3 deste real decreto. Entre tanto, seguirá sendo aplicable o réxime actualmente vixente.

Disposición transitoria segunda. *Permanencia dos actos, encomendas de xestión, convenios e contratos relativos a TRAGSA.*

Todos os actos, encomendas de xestión, convenios e contratos relativos a TRAGSA e ás súas filiais, celebrados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, manterán a súa vixencia e seguirán producindo os seus efectos propios.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, o Real decreto 371/1999, do 5 de marzo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma o 20 de agosto de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ